



contigo a
SANIDADE
PÚBLICA
ten futuro



6 MAIO/ELECCIÓN SINDICAIS

O día 6 de maio, coma cada catro anos, volvémonos someter á vosa avaliación. Nestes anos tivemos erros e acertos, pero sempre intentamos desenvolver o noso traballo con

Compromiso, Rigor, Seriedade e Transparencia

, dedicando unha parte importante do noso traballo á defensa da Sanidade Pública. Isto fixo que a Administración nos definise como un dos maiores perigos sociais ao que se enfrontan. Non nos puideron calar, e non conseguirán calarnos. O teu apoio é importante para que poidamos continuar con esta loita.

Quédanos moito traballo por facer:

Temos que recuperar todo o que nos foi arrebatado inxustamente: retribucións, días libres, complemento de I.T., carreira profesional, paga extra, postos de traballo e dignidade profesional. Temos que poñer o noso traballo como valor en alza.

Temos que conseguir que se anulen os decretos legislativos deste goberno: lei de garantías, xestión clínica, axencia do coñecemento en saúde e axencia de tecidos e órganos. Temos que exixir unha lexislación pensada nos intereses da Sanidade Pública e non nos intereses das empresas privadas.

Temos que ser quen de volver atrás as privatizacións deste goberno e as realizadas anteriormente. O público é servizo, o privado, beneficio para unhas poucas mans.

Temos que recuperar unha **Sanidade Pública**, de calidade e universal.

Outras políticas sanitarias son posibles, recuperar os nosos dereitos e a Sanidade Pública é unha tarefa de todas e todos. Ti e a Sanidade Pública sodes o que importa.

Tedes toda a información necesaria sobre estas eleccións na nosa

[WEB ESPECIAL ELECCIÓN SINDICAIS 2015](#)

elecciones2015.cig-saude.info

Coa **CIG-SAÚDE** e coa túa participación imos mudar esta situación, e para iso o día 6 de maio necesitamos o teu apoio.

Co teu voto a **CIG-SAÚDE** será máis forte para dicir **NON** ás políticas de privatización e recortes.

SI Á NOSA DIGNIDADE COMO TRABALLADORAS,

COMO TRABALLADORES

SI Á DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

COA CIG-SAÚDE E CONTIGO,

A SANIDADE PÚBLICA TEN FUTURO



contigo a
SANIDADE PÚBLICA
ten futuro

ESPECIAL
Eleccións Sindicais 2015

Entrar

